

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 09.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 7107 (10/PNC-000730)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para loitar
contra as mafias que trafican con pisos baleiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 1.2 7823 (10/PNC-000821)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento
do orzamento previsto para o ano 2017 para o programa específico de
igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como o impulso de
medidas específicas na materia para as mulleres galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017
- 1.3 8027 (10/PNC-000841)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia dunha estratexia de
reestruturación da débeda pública galega para transformar o
endebedamento cos bancos e outros acredores privados en préstamos da
Administración central
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017
- 1.4 8045 (10/PNC-000845)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 2 máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central respecto da
creación dunha conta bancaria de servizos mínimos esenciais e, namentres,
a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017
- 1.5 9191 (10/PNC-000960)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas

denuncias das persoas usuarias do programa da Axencia Tributaria para a elaboración da declaración da renda de 2016 referidas ás dificultades existentes para realizar os trámites en lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

- 1.6 9315 (10/PNC-000973)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego dun informe respecto das consecuencias da reestruturación bancaria en Galicia, a situación de concentración do mercado financeiro tras a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e a súa afección para as persoas usuarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7107(10/PNC-000730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para loitar contra as mafias que trafican con pisos baleiros

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

No Dereito da Unión, o dereito á vivenda é un dereito fundamental garantido no artigo 7 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que o Tribunal remitente debe tomar en consideración ao aplicar a Directiva 93/13, e así se proclama na Sentenza do Tribunal de Xustiza (Sá terceira) do 10 de setembro de 2014. Monika Kusionová contra SMART Capital, a.s., Parágrafo 65.

Non obstante, na Constitución española, o dereito á unha vivenda digna non é un dereito fundamental, só un principio inspirador, mentres que no dereito da propiedade si se atopa no núcleo duro dos dereitos protexibles.

Na xurisprudencia tanto do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos como na do Tribunal de Xustiza de Luxemburgo, vincúlase o dereito a unha vivenda digna co dereito fundamental da integridade do domicilio, o que traslada a vivenda ao núcleo principal de calquera norma constitucional.

Sentado o anterior, debemos asumir compromisos e medidas que deixen claro que como tal dereito fundamental debe ser protexido polos poderes públicos e as políticas que se adopten, teñen que ter presente esa perspectiva.

A crise económica trouxo a España unha crise humanitaria con manifestacións en varias vertentes, sendo unha moi relevante a relacionada coa perda da vivenda. Como toda crise é unha oportunidade para algúns, temos visto como foron proliferando mafias organizadas que algún medio ten definido como “inmobiliarias Okupas”, que á sombra da burbulla inmobiliaria, ocupan vivendas e cobran por asaltar os pisos baleiros para extorsionar aos seus propietarios, así, detectan un piso baleiro, entran forzando a porta, enganchan os subministros, cambian a pechadura e entregan as chaves ao novo “inquilino” na maioría dos casos para realugar, actividade claramente penal que non ten atopado resposta no ámbito que corresponde, que non é outro que o policial e o Código Penal.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Maioritariamente, por omisión, as administracións públicas teñen permitido esta actividade co fin de gañar paz social, e como quen as realuga son na maioría dos casos persoas en situación de vulnerabilidade, teñen consentido e consolidado unha práctica que está danando a quen cumpre a Lei, e xerando un negocio que se reparte entre estas mafias, pero que finalmente acadan o mesmo resultado: impedir a actuación ordenada das administracións públicas e cumprir coas obrigas que como tales teñen que garantir o dereito á vivenda.

Conscientes en moitos casos de que o estalido da burbulla inmobiliaria presenta unha gran complexidade, tense tratado de intervir, pero nunca se acordou a cuestión nos termos nos que debe ser presentado o debate, que é conciliar o dereito fundamental á vivenda co dereito dos propietarios, que non deben soportar cargas que incumben ás administracións, pero sen esquecer que a propia Constitución no seu artigo 128.1 establece que: “toda a riqueza do país nas súas distintas formas e sexa cal sexa a súa titularidade está subordinada ao interese xeral”.

Desde esa vertente como dereito fundamental e atendendo ao que un procedemento xudicial comporta cando a vivenda é o que se discute, cremos que hai cousas que se poden facer e que non se están a facer, e que poderían ter un gran impacto na vida da cidadanía que se ven expulsados da súa vivenda.

Polo que deberíamos prever que o xulgado, dende o momento en que se interpón un procedemento hipotecario ou se sinala a data dun lanzamento, podería dar noticia da súa existencia, previa autorización dos propios interesados, e das persoas ás que afecta, aos servizos sociais correspondentes. Co dito traslado, os servizos sociais poderían contar cun coñecemento previo, así como coa posibilidade de actuar para evitar situacións irreversibles, coñecemento do que agora mesmo carecen por non contar cun itinerario de comunicación entre administracións.

Estas comunicacións suporían que, chegado o momento material da práctica do lanzamento, as persoas puidesen ter oportunidade, a través do asesoramento facilitado polos servizos sociais, de dispoñer de todos os recursos administrativos e sociais que a sociedade pode prestarlles, evitando situacións graves de desamparo, situación acrecentada moito máis cando ademais nos atopamos ante familias con menores, persoas impedidas ou con grandes situacións de discapacidade.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 7107
Data envío: 27/03/2017 14:02:39.722



Grupo Parlamentario

Polo que o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Elabore un Plan especial de seguridade contras as mafias que trafican con pisos baleiros, impulsando neste marco acordos coas corporacións locais para incorporar a Policía Local ás labores de vixilancia no ámbito das súas competencias e en cooperación coa Garda Civil e a Policía Nacional; mellorando os niveis de prevención, reforzando as labores de investigación e potenciando as labores de captación de información e de elaboración de intelixencia específica, na que se atenda aos intereses dos titulares das vivendas e ás necesidades de quen as ocupa de maneira efectiva, así como a outras persoas directamente afectadas.

2ª) Promova unha reforma da Lei de enxuízamento civil que prevea que sempre que se notifique unha resolución que conteña a fixación da data de lanzamento ou desafuzamento de primeira vivenda, daráselle traslado da dita resolución aos servizos sociais competentes por razón do territorio.

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/03/2017 13:58:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/03/2017 13:58:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/03/2017 13:58:33

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 7823(10/PNC-000821)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do incremento do orzamento previsto para o ano 2017 para o programa específico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como o impulso de medidas específicas na materia para as mulleres galegas

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Abel Losada Alvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

O orzamento do Estado dirixido ao programa específico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mantense en 19,7 millóns de euros, a mesma cantidade que no 2016.

Para 2017 se suprimiron as transferencias específicas a entidades locais para desenrolar programas de formación e fomento do emprego feminino e aumenta o diñeiro destinado aos programas para incentivar os plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas ata situarse en 1,2 millóns de euros. En 2016 se presupostaron 900.000 euros, pero a partida foi suspendida como consecuencia dos recortes de Facenda, que provocaron tamén a cancelación doutras dúas liñas de financiamento para igualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, está altamente preocupado pola falla de coherencia que amosa o Goberno, entre as declaracións públicas en pro da loita pola igualdade e a realidade do presupostado para poñer en marcha as políticas que presume defender.

Nun momento no que a crise azotou de forma irremediable aos pasos dados en anos anteriores en pro dos dereitos laborais das mulleres, da conciliación familiar, da corresponsabilidade, véñse a constatar que non só non se consegue avanzar, senón que se está a retrasar de xeito consciente a posta en marcha de todas estas medidas.

De nada serven as ponencias de igualdade, de violencia de xénero, se todas as medidas que se formulan levar a cabo acaban soamente reflectidas en papeis. Sen orzamentos que as acompañen, son palabras, nada máis.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Seguen a ser as mulleres as que gozan maioritariamente dos permisos de maternidade. Elas as que seguen a pór en perigo as súas carreiras profesionais facendo uso (nun 92 %) das excedencias laborais por coidado de menores. Elas as que son preguntadas no traballo polas súas expectativas maternais. Elas as que son gravadas con salarios inferiores aos dos homes no desenvolvemento de traballos de igual categoría profesional.

Non existe, probablemente, un feito de discriminación de carácter global e mundial que afecte a máis persoas como é o colectivo das mulleres, o 50 % da poboación mundial. Neste senso a Comisión sobre a condición xurídica e social da muller lembraba a semana pasada que as "barreiras estruturais" seguen lastrando a metade do planeta, con as consecuencias que elo conleva para o desenvolvemento persoal das mulleres e da sociedade no seu conxunto.

Ao ritmo actual, levaría 170 anos lograr a igualdade económica entre homes e mulleres, segundo o último informe do Foro Económico Mundial sobre brechas entre os dous sexos.

Este dato tan demoledor ponnos ante un problema cun carácter de extrema urxencia. E o coñecemento do estancamento no apoio orzamentario do estado para este ano 2017 á Igualdade constata que o noso país non contribuirá ao rebaixe deses 170 anos nin á posta en práctica de moitas das medidas de apoio anunciadas.

Falar dun incremento de 350.000 € no apoio á implantación dos plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas en todo o ámbito español, é falar dunha contribución absolutamente ridícula. Nun país que conta con 1,2 millóns de empresas pequenas e medianas falar de axudas deste tipo de contías e falar dunha incidencia de apenas 1€ por empresa.



 Grupo Parlamentario

A gravidade deste feito leva a que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presente a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que reclame, con carácter de urxencia, que o Goberno de España arbitre as medidas necesarias para incrementar o orzamento previsto para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para este ano 2017.
2. Que promova, co fin de contrarrestar o déficit de incremento de apoio ás políticas de igualdade por parte do Estado, medidas específicas que permitan que as mulleres galegas non se vexan estancadas na súa loita pola igualdade de oportunidades.

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2017 12:51
Nº Rexistro: 7823
Data envío: 10/04/2017 12:51:25.195



Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 10/04/2017 12:44:16

María Dolores Toja Suárez na data 10/04/2017 12:44:22

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/04/2017 12:44:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/04/2017 12:44:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/04/2017 12:44:39

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/04/2017 12:44:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/04/2017 12:44:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 8027(10/PNC-000841)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia dunha estratexia de reestruturación da débeda pública galega para transformar o endebedamento cos bancos e outros acredores privados en préstamos da Administración central

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia está entre as Comunidades Autónomas que menos se beneficiaron dos mecanismos adicionais de financiación que o Estado puxo a disposición dos gobernos autonómicos, por varias razóns:

A primeira é o retraso en acudir á financiación adicional, porque o programa iniciouse en 2012 e Galicia non accedeu a el ata o 2015. Esta é unha cuestión a destacar: a partires de 2015 Galicia participa deste modelo a través da denominada Facilidade Financeira, que hai que dicilo, non implica condicionalidade, pero está dentro do modelo.

A segunda é a escasa contía dos importes dispostos por Galicia con cargo aos mecanismos adicionais de financiación no período 2012-2015. Dun total de 131.073 millóns de euros que se puxeron a disposición do conxunto das CCAA a Xunta de Galicia só solicitou 1.567 millóns de euros, isto é o 1,2% do total, unha cifra que está moi por baixo do peso económico do noso país.

A terceira é que o retraso en acceder ao sistema de axudas penalízanos porque o diferencial de tipo de xuro entre a financiación pública e os tipos de xuro de mercado –os que cobran os que prestan- acada precisamente o seu menor valor en 2015.



En 2012 o endebedamento bruto —isto é, os novos préstamos formalizados— foi de 1.374 millón de euros, en 2013 a cifra foi de 1.476 millóns, chegou ata un máximo de 2.507 millóns en 2014 e no ano 2016 o endebedamento foi de 1.670 millóns de euros. A cifra acumulada de novos préstamos é de 7.057 millóns de euros, de tal forma que por cada punto no que se incremente o tipo de xuro hai que pagar 70 millóns en intereses cada ano a o longo do período de vencemento de cada operación. A multiplicación polo diferencial real e polos anos explica a elevada carga financeira que supón a decisión da Xunta de endebedarse cos bancos e non utilizar os mecanismos de financiación que o estado puxo a dispor das CC.AA.

O xoves 16 de marzo o Consello da Xunta informou que Galicia solicitoulle un préstamo de 1.191 millóns de euros ao Fondo de Financiación a Comunidades Autónomas, grazas ao cal aforrarémonos 112,5 millóns de euros en xuros. Unha soa operación de 1.191 millóns de euros nun momento que os tipos de xuro están en mínimos históricos tradúcese nun aforro de 112,5 millóns de euros; de que aforro estaríamos falando se houbésemos tomado esta decisión en 2012?

En síntese, a decisión da Xunta de Galicia de retrasar ao extremo a decisión de acceder ao financiamento do Estado, a escasa contía do solicitado e a enorme caída dos tipos de mercado, xusto cando nós entramos no sistema, explican que saíramos moi prexudicados na redución da carga financeira por xuros.

Pero hai máis; a Xunta desaproveitou unha oportunidade excepcional para reestruturar a débeda pública de Galicia con dous mecanismos fundamentais: alongando o prazo de vencemento dos préstamos e reducindo os gastos financeiros. Unha reestruturación que permitiría reducir a carga da débeda sobre o orzamento liberando así recursos para dedicalos a gasto social e produtivo.

Nos catro anos que van dende 2012 a 2015 a Xunta de Galicia emitiu débeda por un importe de 7.057 millóns de euros, una cifra equivalente ao 75% da débeda



media total dese período. Isto é, a Xunta renovou nos catro anos as tres cuartas partes da súa débeda total pero elixiu para facelo a formula de financiación máis cara, os prestamos dos bancos.

Reestruturar a débeda pública galega foi posible e ségueo sendo, aínda que perderamos moito tempo e pagásemos un elevado custe durante eses anos que xa non recuperaremos. Aínda é posible mudar de acredor, substituíndo o endebedamento con bancos e fondos de investimento privados polo Goberno central. É posible alongar os prazos de vencemento dos empréstitos, porque o Fondo de Finanzamento das Comunidades Autónomas contempla períodos de dez anos fronte a unha media de catro anos nas operacións cos bancos e fondos privados.

Pero tamén, e sobre todo, é posible reducir o tipo de xuros, porque os prestamos do Fondo de Finanzamento están por baixo dos que cobran bancos e fondos privados, especialmente en comparación coas operacións formalizadas en 2012/2013.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha unha estratexia de reestruturación da débeda pública galega transformando o endebedamento cos bancos e outros acredores privados en prestamos da Administración central, alongando prazos de vencemento da débeda e, sobre todo, abaratando o custe financeiro, porque actuar sobre estas variables, tipo de xuros e prazo, tería consecuencias moi positivas sobre a carga financeira que soportan os orzamentos da Xunta, tanto en pago de xuros como en atender amortizacións, o que permitiría dedicar máis recursos ás necesidades de gasto real.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 13:38
Nº Registro: 8027
Data envío: 18/04/2017 13:38:47.312



Asdo.: Manuel Lago Peñas

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 18/04/2017 13:35:21

Luis Villares Naveira na data 18/04/2017 13:35:31

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 8045(10/PNC-000845)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central respecto da creación dunha conta bancaria de servizos mínimos esenciais e, namentres, a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Penas e Luis Villares Naveira** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Comisión , **relativa á creación dunha Conta bancaria de servizos mínimos esenciais.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade é fundamental ter acceso a unha conta bancaria para poder ter unha integración social plena. Para recibir unha nómina, percibir calquera prestación social, realizar pagos telemáticos, etc. é necesario ter unha conta bancaria. Con todo existe unha situación cada vez máis xeneralizada de "exclusión financeira", que non é senón un elemento máis que compón a exclusión social.

A mellor solución para eludir a brecha social de acceso aos dereitos financeiros e bancarios sería a creación dunha banca pública, tanto estatal como autonómica, pero entre tanto non haxa unha maioría parlamentaria para conseguilo, urxe pór en marcha medidas que palíen a situación actual.

De feito, a UE fixo da inclusión financeira una das súas políticas sociais realizando recomendacións respecto diso. A Carta Fundamental de Dereitos Fundamentais da UE establece, no seu artigo 20, a necesidade de asegurar o acceso aos servizos de interese económico xeral "co fin de promover a cohesión social e territorial da Unión". Neste sentido a UE a través da dirección xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión, establece que:"A exclusión financeira refírese a un proceso mediante o cal as persoas se atopan con dificultades para



acceder e/ou utilizar os servizos e produtos financeiros que son apropiados para as súas necesidades e que lles permita levar unha vida social e normal na sociedade á que pertencen" (Comisión Europea (2008). Financial Services Provision and the Prevention of Financial Exclusion).

Faise, por tanto, necesario abrir a posibilidade de acceso a uns Servizos Bancarios Mínimos Esenciais que permitan acceder a un custo reducido ou nulo aos mesmos, eliminando a exclusión financeira que sofren os máis desfavorecidos. Así o fixeron diferentes países europeos, como Portugal e Francia.

Por iso é necesario deseñar un sistema que estableza a obrigação de ofrecer, por parte de todas as entidades financeiras, unha Conta Bancaria de Servizos Bancarios Mínimos Esenciais, ou Conta Básica, con custo nulo ou moi reducido. Con esta medida daríase, ademais transposición, no que se refire ao establecemento de Contas de Pago Básicas, á Directiva Europea de Contas de Pago 2014/92/UE, que establece na súa exposición de motivos que: "A Fin de garantir que as contas de pago básicas estean a disposición do maior número posible de consumidores deben ofrecerse de maneira gratuíta ou a cambio dunha comisión razoable. Para animar aos consumidores vulnerables que non dispoñen de conta bancaria a participar no mercado bancario minorista, os Estados membros deben poder dispor que se lles ofrezan contas de pago básicas en condicións particularmente vantaxosas, por exemplo, de forma gratuíta". Ademais, no seu artigo 18 establece que "Os Estados membros poderán requirir ás entidades de crédito que apliquen varios réximes de comisións dependendo do nivel de inclusión bancaria do consumidor, dispoñendo en particular de condicións máis vantaxosas para os consumidores vulnerables que non dispoñan de conta bancaria".

En Galicia dáse o caso de que todas as cidadás tivemos que rescatar á principal entidade de aforro, Abanca, con máis de 9.000 M€, cantidade similar ao



orçamento anual da Xunta de Galicia. Este rescate é un dos principais motivos da penuria e os sufrimentos que os cidadáns están a sufrir sen ter ningunha responsabilidade nesta estafa. Por iso consideramos que Abanca ten un deber engadido e debería acollerse a esta medida de maneira voluntaria e sen ningún custo para as cidadás e cidadáns en situación vulnerable.

Por contra estase dando a situación de que os perceptores da RISGA están obrigados a ter unha conta corrente ou de aforro para que a administración poida abonarlles as percepcións ás que teñen dereito. Abanca está a cargar a estes perceptores da RISGA unha comisión anual da contorna de 60€, 14% dos seus ingresos mensuais ou o equivalente do que poden gastar en comer durante máis dunha semana. Esta situación é totalmente inadmisíble.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente e, a este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Instar o Goberno de España a crear unha conta corrente de servizos mínimos esenciais.

En colaboración co Banco de España, o Goberno deberá crear unha Carta de "Servizos Bancarios Mínimos Esenciais" ou "Servizos Bancarios Básicos" que todas as entidades bancarias deberán ofrecer a un custo reducido (como máximo anualmente unha cantidade equivalente ao 1% do SMI mensual) ou custo cero. Entre os servizos que deberían ser considerados como "Servizos Bancarios Mínimos Esenciais" ou "Servizos Bancarios Básicos", polo menos, atoparanse os seguintes:



- Apertura e mantemento da conta de servizos mínimos.
- Tarxetas de débito para operar con esa conta.
- Acceso á conta a través de caixeiros e todos os dispositivos dos que dispoña o banco.
- Realizar depósitos, reintegros, pagos e transferencias interbancarias nacionais sen restricións no número de operacións.

A "Conta Bancaria de Servizos Esenciais" ou "Conta Básica" debe cumprir polo menos os seguinte requisitos:

- O usuario só poderá ter unha conta bancaria aberta en forma de Conta Bancaria de Servizos Esenciais.
- A conta ten que estar aberta como mínimo un ano.
- Ten que ter un saldo medio máximo (que se calculará como porcentaxe do SMI).

No caso de que a conta non cumpra estes requisitos, a entidade bancaria poderá cancelala.

2.- Namentres o Goberno do Estado pon en marcha de maneira xenérica a "Conta Básica Bancaria" ínstase á Xunta de Galicia a comprometer á entidade Abanca e ao resto de entidades bancarias rescatadas con diñeiro público con actividade en Galicia a ofrecela de maneira voluntaria a todas as cidadás e cidadáns vulnerables e, de maneira automática, a todas aquelas que acrediten:

- Ser perceptores da RISGA ou calquera outra renda de inserción.
- Que poidan acreditar que os seus ingresos mensuais son inferiores ao SMI.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 17:07
Nº Rexistro: 8045
Data envío: 18/04/2017 17:07:18.844



- Que, sen poder acreditar os seus ingresos, dispoñan dun certificado dos Servizos Sociais Municipais ou Autonómicos, de atoparse en situación de vulnerabilidade.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 18/04/2017 17:04:05

José Manuel Lago Peñas na data 18/04/2017 17:04:18

Luis Villares Naveira na data 18/04/2017 17:04:28

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 9191(10/PNC-000960)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias das persoas usuarias do programa da Axencia Tributaria para a elaboración da declaración da renda de 2016 referidas ás dificultades existentes para realizar os trámites en lingua galega

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 11:52
Nº Rexistro: 9191
Data envío: 16/05/2017 11:52:41.014

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ás denuncias de persoas usuarias do programa para a elaboración da declaración da renda 2016 de dificultades para facer os trámites en lingua galega

Lamentablemente, un ano máis e malia o cambio no tipo de programa, a tempada de elaboración da declaración da renda trae consigo novos episodios de discriminación lingüística para as persoas que desexen facer este trámite administrativo e obrigatorio na lingua do país.

Cómpre lembrar que xa en anos anteriores foi coñecida e debatida esta problemática e que en episodios anteriores a propia Mesa pola Normalización Lingüística denunciou a dificultade para cumprir en galego con esta obriga tributaria. Os anos de vixencia do programa PADRE ofrecido pola Axencia Tributaria do Estado na súa páxina web veu acompañada da ausencia da opción de escolla da lingua galega algo que supuña unha clara discriminación e que obedecía a unha teimosía actuación obstaculizadora por parte do goberno central, vulnerando un dereito elemental.

Diversas denuncias públicas de usuarios e usuarias indicaron nestas semanas novos problemas co novo mecanismo da Axencia Tributaria para a elaboración en lingua galega deste trámite, con continuos erros informáticos. Isto podería tratarse dunha cuestión puntual, pero diversas persoas denuncian como á hora de notificar á incidencia foran esixidas probas da mesma alén da propia explicación escrita ou verbal



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 11:52
Nº Rexistro: 9191
Data envío: 16/05/2017 11:52:41.014

ou que a resposta por parte da AEAT foi a de que se presentaran en castelán. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que está a haber unha actitude de desleixo que non é de recibo e que non contribúe de forma positiva á necesaria posta en valor da lingua galega como vehicular dos trámites económicos e administrativos en igualdade co castelán.

Por todo o exposto fórmase a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a reclamar da Axencia Tributaria que o galego poda ser empregado na Galiza en todos os trámites que se realicen por esta axencia, corrixindo as eivas denunciadas e comprometéndose a revisar periodicamente os procedementos para garantir a súa rápida detección e solución.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2017 11:52
Nº Rexistro: 9191
Data envío: 16/05/2017 11:52:41.014

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2017 11:49:20

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2017 11:49:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2017 11:49:29

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2017 11:49:33

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2017 11:49:35

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2017 11:49:39

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 09.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 9315(10/PNC-000973)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dun informe respecto das consecuencias da reestruturación bancaria en Galicia, a situación de concentración do mercado financeiro tras a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e a súa afección para as persoas usuarias

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/05/2017 12:32:15.367

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ao proceso e consecuencias da venda do Banco Popular.

Ante a fonda crise do sector financeiro que explota no 2008, no comezo da crise económica, lonxe de emprender unha reforma no camiño de reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública que evitara de novo as expansión das burbullas financeiras, os principais partidos do Estado español pactaron unha “reestruturación”. Esta reestruturación tivo o obxectivo de concentrar e centralizar o sector financeiro, privatizando e bancarizando as caixas de aforros e reducindo o número de entidades, sometidas ademais á supervisión única de institucións centrais do Estado.

A normativa reguladora que sustentou a reestruturación, baixo os citados criterios de concentración, centralización e bancarización do sistema financeiro, foi acordada a nivel estatal por PP e PSOE desde o seu inicio. Baixo esta óptica, levouse a cabo un proceso que para Galiza tivo nefastas consecuencias, sendo a máis clara e evidente a perda das caixas de aforros e a perda da galegitude e absorción de entidades bancarias como o Banco Pastor ou o Banco Gallego.

Recentemente, diversos medios de comunicación informaban da posíbel venda, do grupo que absorbeu ao Banco Pastor, o Banco Popular, segundo operador bancario en Galiza a continuación de Abanca.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/05/2017 12:32:15.367

O Banco Popular conta en Galiza con arredor dun milleiro de empregados, unha ampla rede comercial con máis de 200 sucursais e cun volume de negocio de aproximadamente 21.000 millóns de euros, sumando créditos e depósitos, o que supón unha cota de mercado do 20%.

De consumarse esta venda, suporía un novo chanzo no citado proceso de reestruturación bancaria iniciada coa crise. Neste caso, a compra do Banco Popular - previsiblemente por algún operador xa radicado na Galiza- suporía avanzar un paso máis na concentración, centralización e oligopolio bancario.

Antes do proceso de reestruturación bancaria existía arredor de dez entidades – ben fosen caixas ou bancos- cunha ampla implantación no conxunto do país. Porén, se tal e como apuntan diversas fontes, o Banco Popular é mercado por algún dos principais bancos xa implantados en Galiza, tería como consecuencia que arredor do 90% do mercado financeiro galego quedaría en mans de media decena de bancos, o que é a clara mostra dun mercado oligopólico.

Doutra banda, de a entidade ser mercada por un operador xa implantado en Galiza, existirán duplicidades da rede en múltiples localidades polo cal é máis que probábel que os novos propietarios da entidade leven a cabo un proceso de axustes na rede que suporá peche de oficinas e redución de cadros de persoal, polo que se producirán con toda probabilidade despedimentos de persoal, o que está a producir unha lóxica preocupación entre as súas traballadoras e traballadores, aos cales non se lles ten trasladado ningunha información.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/05/2017 12:32:15.367

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar un exhaustivo informe que analice as consecuencias da reestruturación bancaria en Galiza, a situación de concentración do mercado bancario após a desaparición das caixas e entidades bancarias galegas e as súas consecuencias para as persoas usuarias de servizos financeiros en Galiza.”

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/05/2017 12:19:56

Olalla Rodil Fernández na data 19/05/2017 12:20:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/05/2017 12:20:05



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2017 12:32
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 19/05/2017 12:32:15.367

María Montserrat Prado Cores na data 19/05/2017 12:20:08

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2017 12:20:10

Ana Pontón Mondelo na data 19/05/2017 12:20:13